CA6.1 Identifícanse os indicadores do proceso de control e seguimento da intervención en unidades de convivencia
CA6.2 Seleccionáronse as técnicas, os instrumentos e os protocolos para a realización do seguimento da intervención nas unidades de convivencia
CA6.3 Elaboráronse os instrumentos de avaliación que valoren internamente e externamente a intervención na unidade de convivencia



Criterios de avaliación
CA6.4 Aplicáronse técnicas e procedementos de avaliación para valorar o nivel de satisfacción das necesidades das unidades de convivencia
CA6.5 Rexistráronse os datos nos soportes establecidos polo equipo interdisciplinar
CA6.6 Transmitíuselles a información ás persoas implicadas na intervención, tanto directamente como indirectamente
CA6.7 Valorouse a necesidade de que o persoal técnico superior en Integración Social reflexione sobre as súas propias intervencións
CA6.8 Xustificouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención nas unidades de convivencia
CA6.9 Respetar as persoas nas súas diferenzas
OCA6.10 Respetar as normas do centro, das aulas e do grupo

4.6.e) Contidos

Contidos
<p>Valoración do traballo no equipo interdisciplinar como base da intervención en unidades de convivencia.</p> <p>Dinamización do proceso de traballo grupal</p> <p>Xestión das situacións complexas ou conflitivas que se dan na dinámica do grupo</p> <p>Niveis de autonomía nas unidades de convivencia. Indicadores dos niveis de autonomía. Factores que determinan a autonomía nas unidades de convivencia. Conceptos básicos de intervención: necesidade, consumo e saúde. Fomento da autonomía persoal das persoas con discapacidade na familia. Estratexias.</p> <p>Análise de necesidades nos ámbitos doméstico, persoal e relacional.</p> <p>Determinación de necesidades de formación, información, supervisión e acompañamento.</p> <p>Aplicación da planificación da intervención en unidades de convivencia: identificación de obxectivos fixados, actividades, criterios metodolóxicos, espazos, materiais e tempos; resolución de continxencias.</p> <p>Organización do espazo na unidade de convivencia. Axudas técnicas.</p> <p>Organización dos recursos e do tempo.</p> <p>Respecto polas decisións de cada membro da unidade de convivencia.</p> <p>Determinación da técnica de avaliación idónea no desenvolvemento das intervencións.</p> <p>Determinación do momento e a secuencia das actividades de avaliación.</p> <p>Establecemento de indicadores e protocolos de avaliación en intervención en unidades de convivencia.</p> <p>Instrumentos de avaliación: elaboración, selección e aplicación.</p> <p>Rexistro de datos en soportes adecuados: análise dos datos obtidos e elaboración da documentación de avaliación para a súa difusión entre as persoas implicadas na intervención en unidades de convivencia.</p> <p>Elaboración de informes e memorias.</p> <p>Valoración da importancia da avaliación como recurso para a mellora da intervención: autoavaliación.</p> <p>Valoración da avaliación como un instrumento útil na toma de decisións.</p>



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente modulo evidenciarán a consecución dos Resultados de Aprendizaxe e os criterios de avaliación indicados máis abaixo. (O grao de consecución dos criterios de avaliación diferenciará as calificacións do alumnado). Así mesmo, dado que se trata de ensinanzas presenciais alumno/a deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose como Perda de Avaliación continua cando o nº de faltas supere o 10% da duración do módulo (de faltas sen xustificar, 16 horas), tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011. (DOG nº136/2011 do 15 de xullo). Engadiráse un 5% de faltas xustificadas (8 horas) segundo establece o NOF do CIFP Compostela.

O RD 1074/2012 do 13 de xullo, fixa as ensinanzas mínimas. Os mínimos esixibles para o módulo, son os seguintes:

RA1 - Planifica a intervención na unidade de convivencia tendo en conta a relación entre os modelos de intervención e os aspectos xerais da metodoloxía de intervención social.

CA1.1 Identificar os diferentes tipos de familias e a función da mesma na nosa sociedade

CA1.2 Describir as competencias dos diferentes membros dunha familia nun estudio de casos.

CA1.3 Identificáronse as características da intervención nos servizos de axuda a domicilio, programa de familia, teleasistencia e recursos residenciais para colectivos específicos.

CA1.4 Definíronse os obxectivos dunha intervención nunha unidade de convivencia.

CA1.6 Definíronse as actividades dentro do proxecto de intervención coa unidade de convivencia

RA2 - Organiza a intervención en unidades de convivencia, para o que analiza as necesidades destas nos ámbitos doméstico, persoal e relacional.

CA2.2 Identificáronse os niveis de autonomía en diversas unidades de convivencia.

CA2.3 Identificáronse as necesidades das unidades de convivencia nos ámbitos doméstico, persoal e relacional

CA2.4 Determináronse as necesidades de formación, información, supervisión e acompañamento da unidade de convivencia

CA2.5 Relacionáronse os obxectivos e as estratexias de intervención social coas necesidades que presenta a unidade de convivencia

CA2.6 Organizáronse os espazos, os recursos e os tempos necesarios para a posta en práctica da intervención nas unidades de convivencia tendo en conta a xeración de ámbitos seguros

CA2.7 Relacionáronse as carencias e as alteracións na vida cotiá das unidades de convivencia coa intervención do persoal técnico superior en Integración Social

RA3 -Deseña actividades do proxecto de intervención nas unidades de convivencia, para o que analiza as estratexias de intervención.

CA3.1 Identificáronse os protocolos de actuación tendo en conta as características da unidade de convivencia

CA3.2 Planificáronse as actividades de organización das tarefas de mantemento do domicilio tendo en conta o proxecto de intervención

CA3.3 Determináronse estratexias e técnicas de apoio social e emocional na unidade de convivencia

CA3.4 Previuse o apoio á xestión doméstica da unidade de convivencia

CA3.6 Deseñáronse itinerarios para a participación das persoas usuarias nos espazos e nas actividades de lecer e tempo libre

CA3.7 Establecéronse procesos e actividades de educación afectivo-sexual

CA3.9 Simulouse a resolución das continxencias na intervención en unidades de convivencia

RA4 - Organiza estratexias de intervención no ámbito da prevención de violencia doméstica, para o que analiza os factores persoais e sociais.



- CA4.1 Identificáronse os factores de risco en diversos colectivos
- CA4.2 Identificáronse os niveis de prevención na intervención social
- CA4.3 Descríbóronse accións preventivas para evitar que se produzan ou agraven situacións de violencia doméstica
- CA4.4 Deseñáronse estratexias que promovan a prevención de accións violentas
- CA4.5 Seleccionáronse instrumentos e materiais que ofrezan información e a formación
- CA4.6 Determináronse accións de sensibilización para as situacións de violencia doméstica e o seu ámbito
- CA4.7 Elaboráronse actividades de sensibilización sobre o problema da violencia doméstica para todos os sectores da poboación

RA5 - Desenvolve estratexias de intervención en violencia doméstica, tendo en conta as relacións entre as características da situación e o protocolo establecido.

- CA5.1 Definíronse as características de posibles situacións de violencia doméstica
- CA5.2 Descríbóronse os factores de risco en situacións de violencia doméstica
- CA5.3 Analizáronse as prestacións dos servizos relacionados coa detección e a atención en situacións de violencia
- CA5.5 Identificáronse os protocolos en situacións de violencia doméstica
- CA5.6 Simulouse o acompañamento persoal, social e emocional en situacións de violencia doméstica
- CA5.7 Aplicáronse técnicas de atención psicossocial para as persoas que sufriran unha situación de violencia doméstica
- CA5.8 Valorouse o cumprimento das normas e dos criterios establecidos no protocolo de actuación no relativo ao trato dispensado ás persoas que sufriran violencia doméstica

RA6 - Realiza actividades para o control e o seguimento da intervención na unidade de convivencia, e xustifica a selección de estratexias, técnicas e instrumentos de avaliación.

- CA6.1 Identificáronse os indicadores do proceso de control e seguimento da intervención en unidades de convivencia
- CA6.2 Seleccionáronse as técnicas, os instrumentos e os protocolos para a realización do seguimento da intervención nas unidades de convivencia
- CA6.7 Valorouse a necesidade de que o técnico reflexione sobre as súas propias intervencións.
- CA6.8 Xustificouse a toma de decisións para modificar ou adaptar a intervención nas unidades de convivencia.

Os mínimos esixibles para as competencias persoais son, o cumprimento dos seguintes criterios:

- Respetar as persoas nas súas diferenzas.
- Respetar as normas do centro, clase e do módulo.

O non cumprimento deste criterio suporá suspender a avaliación. O seu cumprimento considerase chave. A actitude de respecto cara as persoas é unha competencia xeral do título (Manter relacións fluidas coas persoas usuarias, membros do grupo de traballo e diferentes profesionais/Resolver situacións, problemas con iniciativa e autonomía/Comunicarse con iguais utilizando vías eficaces de comunicación). Así tamén está reclollida nos aspectos transversais desta programación (programación de valores).

Para obter as evidencias (10%) no ámbito comportamental, seguirase a rúbrica de Competencias Actitudinais/Conocemento e sensibilización/ Xuicio crítico/Comportamento coherente con valores establecidos. Un comportamento pasivo do alumnado non proporcionara evidencias directas ou indirectas dos indicadores. Polo tanto o alumnado poderá obter ou non unha calificación, dependendo de si mostra no seu comportamento os indicadores establecidos na rúbrica. Os descritores da mesma darános a cualificación de cada alumno. Esta rúbrica e as escalas de valoración utilizadas para a avaliación do alumnado neste módulo, entregarase ao inicio de curso a cada alumno, así como a programación, sempre accesibles dende a aula virtual.

O grao de consecución dos criterios de avaliación e o que determinará a diferente calificación dos alumnos.

- A cualificación acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante dos distintos instrumentos de avaliación, seguindo a ponderación establecida nesta programación:

O 40% corresponde a competencias conceptuais (PE teórico-práctica), saber; 40% competencias procedimentais, saber facer (Traballos individuais/Portafolios de experiencias, talleres e tarefas), máis un 10% referido a iniciativa e autonomía no grupo de traballo para as tarefas de aprendizaxe (Escala de valoración, entregada ó alumnado a través da AV) ; e o 10 % competencias persoais, actitudinais. Tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos os mínimos esixibles (conceptuais, procedimentais e actitudinais) para poder obter unha cualificación positiva.

É necesario ter aprobados todos os bloques de contidos, polo que non se fará a média das diferentes probas de avaliación se hai algunha suspenso.

Outros criterios de cualificación que se seguirán no módulo:

Ao amparo da seguinte lexislación, a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.

CAPÍTULO VIII Avaliación das ensinanzas da formación profesional inicial

Artigo 25. Aspectos xerais do proceso de avaliación.

2. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensino presencial cumprirá a asistencia do alumnado ás actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.

Así neste módulo; os traballos en grupo realizaránse na clase, salvo cando as continxencias obriguen a facelo fora das sesións de clase. Son de asistencia obrigatoria. As faltas poden afectar ó desenvolvemento do traballo, polo que cando ocorra isto se proporá o desenvolvemento do traballo individualmente. Fomentándose a responsabilidade e o compromiso individual co grupo.

A non participación en actividades ou accións formativas significativas no desenvolvemento de competencias terase en conta a hora de avaliar ó alumnado.

Para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións parciais aprobadas. Non se fará media entre as avaliacións suspensas e as aprobadas. A nota final do módulo será a resultante da media aritmética seguindo a seguinte ponderación: 1ª 30%, 2ª 30% e 3ª 40%, das tres avaliacións.

Valorarase positivamente a evolución ascendente (progreso) no redondeo (sempre se fará a partir de 0.6) ao número enteiro correspondente que figura nas actas de avaliación. Nunca se fará redondeo con notas inferiores a 5.

As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probas serán comunicadas con antelación suficiente respetando as necesidades do alumnado, pero unha vez fixadas serán inamovibles. Entregaránse na AV en tempo e forma.

Todo documento de avaliación unha vez corrixido e revisado polo alumno/a, será custodiado polo/a profesor/a ata rematado o prazo de reclamacións da avaliación final do módulo. A maior parte destes documentos estarán na AV. Especificarase o prazo de devolución de traballos e si unha vez superado dito prazo o/a alumno/a non o recolle o/a profesor/a entenderá que renuncia a eles.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Según lexislación: ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.



CAPÍTULO VIII Avaliación das ensinanzas da formación profesional inicial

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

Realizarase un informe de avaliación individualizado.(MD.75.AVA.01 do procedemento de avaliación). Durante o período ordinario, para a recuperación das avaliacións non superadas, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumnado adquirir as capacidades non acadadas e cumprir os mínimos esixidos. Estes traballos e actividades organizaranse de xeito individualizado.

As probas con carácter xeral, poden ser cuestionarios tipo test, de preguntas a desenvolver ou cuestións curtas; probas de execución como, situacións simuladas, exposición de un tema, realizar un proxecto, solución de casos, ou ben traballos e proxectos a presentar de xeito oral ou escrito.

Actividades similares as realizadas ao longo do curso na aula e outros traballos , que o alumno presentará en tempo e forma (segundo os criterios explicitados polo profesor). Valorarase a iniciativa, o esforzo e a autonomía na busca de información e manexo de bibliografía especializada.

Terase en conta a presentación, a capacidade crítica, a capacidade comunicativa e a organización na exposición, se é o caso..

No ámbito procedimental (saber facer) dado que se avalía a partir de traballos e de un cartafol (que recolle evidencias sobre diferentes accións formativas, obradoiros, actividades complementarias...), para a súa recuperación farase unha proba de execución (sobre os contidos traballados en ditas accións formativas) ou proba teórico-práctica.

Para aproba-lo módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas probas procedimentais como nas probas teórico-prácticas; ademais de non ter suspenso o ámbito actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre ambas probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para a perda de avaliación continua teranse en conta tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas. Ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial:

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total (neste módulo 16 horas sen xustificar). Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas.

Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, estableceuse para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

- A comunicación por escrito da situación de perda de avaliación continua levarase a cabo polo titor/a, unha vez superados os límites indicados no punto anterior.

- Será obrigatorio apercibilo previamente (unha vez acadado o 6% das faltas de asistencia) tal e como se contempla na normativa vixente.

- Este alumnado non perde en ningún momento o seu dereito de asistencia a clase, aínda que o profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, ao resto do grupo ou as instalacións.

Seguiráanse as instrucións dadas na RESOLUCIÓN do 3 de agosto de 2018 para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional

do sistema educativo no curso 2017/18:

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

PROBA DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA AUC

O sistema extraordinario de avaliación para o alumno/a que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

- Parte A. Unha proba escrita teórica que incluírá todos resultados de aprendizaxe e contidos que aparecen en esta programación. Duración de 1 hora. Pode tratarse de preguntas de ensaio e/ou tipo test.

Normas de corrección da proba tipo test $P = [A - (E / n - 1)] / n^{\circ}$ de preguntas x 10

P = Puntuación do bloque de preguntas obxectivas

A = Nº de acertos

E = Nº de erros

n = número de alternativas das preguntas

- Parte B. Unha batería de probas de execución, inspiradas no 100% dos resultados de aprendizaxe do módulo e así mesmo servirán como referencia as actividades realizadas ao longo do desenvolvemento do módulo. (duración 2 horas).

A partir de un ou varios supostos haberá que realizar varias das seguintes tarefas:

- Resolver un caso práctico. Recollida de información, análise de necesidades e proposta de intervención. Informe onde se xustifique a intervención.

- Realizar un proxecto de intervención para o caso dunha familia.

- Realizar un plan de atención individualizado (PEI e/ou PIF) para un usuario e familia de unha unidade de convivencia xerada pola sociedade.

- Realizar un proxecto de intervención para unha situación de violencia doméstica.

- Situación simulada, aplicando algunha das técnicas empregadas polo TISOC.

Para acadar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter unha puntuación de un 5, mínimo do que se partirá para considerar aprobadas as probas (dun máximo de 10 puntos).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido: a plataforma habilitada a tal efecto.

Para a memoria final utilizaremos o modelo prescrito por calidade.

Para a avaliación docente: realizarase unha autoavaliación despois de escoitar ao alumnado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 28: " ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer características e a formación previa de cada alumno e alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, servirá para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente".

Para este módulo poderánse realizar entrevistas grupais ou individuais (cando a situación así o requira) sobre intereses, coñecementos previo e motivacións do alumnado, que complementará os datos proporcionados polo titor/a e datos de información da matrícula

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir a detección das posibles dificultades na adquisición das competencias por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas correctoras. Cando a análise da evolución dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten mais dificultades, propondo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociadas aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

Dado que se trata de un ciclo formativo de grao superior, demandarase ó alumnado unha actitude proactiva ante as súas propias necesidades, asumindo tamén o seu grao de responsabilidade no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cando as medidas sexan para alumnos con necesidades específicas que non respondan os obxectivos no ámbito actitudinal (problemas psicolóxicos ou psiquiátricos), requirirase a colaboración da orientadora do CIF solicitando orientación nas pautas de intervención na aula. Tamén se solicitará a intervención directa co alumnado da mesma, para poder darlle unha resposta integral ao alumnado.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Na familia profesional a que pertence este ciclo é importante a educación en valores pois a finalidade da formación nos leva a traballar con persoas, persoas de diferentes idades e situación, a súa integración na sociedade.

Así teremos en conta:

Educación para a igualdade: Estará sempre presente. En ningún momento farase diferenciación por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquer outra característica de diferenciación entre as persoas. Son contidos a traballar no módulo.

Educación ecolóxica: fundamental para fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo par o uso dos medios e recursos de que se dispón sen desperdiciar, papel, auga, electricidade, alimentación, insistindo na reciclaxe e na conservación.



Educación para a saúde: É importante adquirir os hábitos posturais no traballo así como uns hábitos de saúde limpeza ou unha axeitada hixiene ocular nun sistema educativo e laboral nos que o mundo dixital ten cada vez maior presenza. Ter en conta tamén que a nivel profesional a saúde persoal e a do usuario como elementos cotiáns do seu emprego.

Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto e procurando atopar solucións de consenso ou xeito democrático.

Educación do consumidor: Fomentar entre o alumnado un consumo respònsable, tanto nos recursos propios como dos de uso colectivo no centro de ensino.

Interculturalidade: Traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visita a centros e espazos de atención a diferentes colectivos, adicados a integración social, 1 visita mensual.
- Acompañamento a profesionais, como observadores.
- Charlas-coloquio con diferentes colectivos e diferentes profesionais.
- Obradoiros no entorno comunitario
- Charlas-coloquio con antigos alumnos.
- Celebración de datas: Violencia de xénero.

OBSERVACIÓNS:

- Dende este módulo, participarase naquelas que complementen a formación do TISOC. Sempre tendo en conta que non afecten significativamente ó desenvolvemento de esta programación. Nunca poderan ir en detrimento do desenvolvemento das competencias profesionais, persoais e sociais, que son obrigatorias para este módulo.

Estas actividades faránse en coordinación con outros módulos do ciclo. Cando as propostas de outros módulos afecten negativamente o desenvolvemento da programación, ou non sexan planificadas coa antelación suficiente para facer os cambios pertinentes na dinámica do módulo; este profesor resérvase o dereito a decidir. Primando sempre os necesidades formativas do alumnado.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía

Como estratexia para orientar o desenvolvemento da programación do módulo (e se axeite as características do ámbito productivo), plantexouse a metodoloxía de traballo INVESTIGACIÓN ACCIÓN, partir de necesidades reais de diferentes unidades de convivencia para elaborar e implementar propostas de intervención para necesidades concretas.

Sempre coa finalidade de contribuir a formación integral do alumnado, e para acadar os resultados de aprendizaxe especificados no currículo para o módulo (redactados en termos de, poner en práctica, valorar...), e para un maior cumprimento dos obxectivos de formación reflectidos na programación, faise necesario desenvolver actividades en contextos reais.

O alumnado sendo de ciclo superior é maior de idade, e exixeselles un grao de autonomía e xestión de continxencias no currículo.

No desenvolvemento de actividades fora do centro educativo faríase un seguimento por parte do titor da empresa colaboradora, e do profesor responsable do módulo. Para tal fin establécíanse acordos de colaboración entre o CIFP Compostela e diferentes empresas da área de influencia do centro educativo.



Estamos a espera dunha resposta a solicitude feita a inspección. Sería desexable estar nas mesmas condicions que outros CIFP, que poden realizar este tipo de actividades.

A estratexia que estamos a seguir será a traves de simulacións e solucións de caos. Considerando que os CA, sobre aplicar técnicas de atención social, aplicar técnicas e procedementos de avaliación; non poderan ser traballados o suficiente.